

DECRETO NÚMERO \$

Instruído expediente relativo a: **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DE GRAVAS E GRAVILLAS PARA TRATAMENTOS SUPERFICIAIS EN CAMIÑOS RURAIS (LOTE 1) E DE ZAHORRA (LOTE 2). EXPTE. REF. 2024/C004/000018.AMPLIACION DO PRAZO DE PRESENTACION DE OFERTAS**

Examinado o expediente e visto:

1º. Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 4/364 de 7 de agosto de 2024 polo que se aproba a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DE GRAVAS E GRAVILLAS PARA TRATAMENTOS SUPERFICIAIS EN CAMIÑOS RURAIS (LOTE 1) E DE ZAHORRA (LOTE 2)** así como os pregos de prescricións técnicas asinados pola enxeñeira técnica agrícola o 9 de xullo (gravas e gravillas) e o 15 de xullo de 2024 (zahorra) así como o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica do servizo de Contratación o 16 de xullo de 2024,

2º.- Anuncio de licitación enviado á Plataforma de Contratación do sector público e publicado o 13 de agosto de 2024 polo que o prazo de licitación establecido **remata o 30 de agosto de 2024.**

Durante o prazo de licitación detéctase que en PLACE só se publicaron os pregos técnicos para a subministración da zahorra pero **non o de subministración de gravas e gravillas; polo que os posibles interesados descoñecen o contido do prego técnico.**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 39/2015 de 2 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ASM/atm

Refº: ispac9131777687551205346.doc

Asunto: DECRETO AMPLIACIÓN PRAZO OFERTAS

PRIMEIRA.- A cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas establece:

OCTAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN Y PLAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIONES.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Lugo aloxado na Plataforma de contratación do sector público ([%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOVIO%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink))

O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE DÍAS NATURAIS contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aos que se engadirá un día hábil ata as 18:00 HORAS NO CASO DE RECAER DE LUNS A XOVES O ATA AS 14:00 HORAS NO CASO DE SER VENRES** (PARA FACILITAR AOS LICITADORES A PRESENTACIÓN CORRECTA DAS SUAS OFERTAS COA ASISTENCIA DO SOPORTE TÉCNICO - ver anexo Final e anuncio de licitación).

De conformidade co artigo 138.3 da LCSP os interesados poderán solicitar información adicional ou realizar consultas ou preguntas durante o prazo de licitación e antes do 7º día para a terminación do dito prazo de licitación, a través da Plataforma de contratación do sector público.

A resposta a estas consultas e información publicarase no perfil do contratante antes do 6º día para a terminación do prazo de licitación.

Para recibir avisos sobre as novidades que se produzan nesta licitación, así como acceder ao contido das preguntas e respostas relativas á mesma, os interesados poderán rexistrarse na páxina principal da Plataforma de Contratación do Sector Público (simplemente premendo sobre o enlace á licitación e facilitando unha clave de usuario, un enderezo de correo electrónico e un contrasinal).

Cando nos casos previstos no artigo 136, ou por razóns debidamente xustificadas no expediente, se estime necesario ampliar os prazos fixados de presentacións de ofertas, dita ampliación acordarase mediante resolución da tenente de alcaldesa delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do que se dará o oportuno coñecemento mediante o perfil do contratante.

O artigo 136 da LCSP establece a posibilidade de ampliar os prazos de licitación no caso de non contestar requerimentos de información adicional sobre os pregos ou información complementaria nos prazos indicados no dito artigo sempre que se trate de información relevante, así mesmo tamén se contempla esta ampliación de prazos nos casos de que se introduzan modificacións significativas nos pregos; sendo este aumento do prazo proporcional á importancia da información solicitada.

Tendo en conta que durante o prazo de licitación (que remata o vindeiro 30 de agosto de 2024) non se publicou o prego técnico regulador da subministración de gravas e gravillas, e coa finalidade de evitar a paralización ou desistencia do procedemento; propónse que se acorde unha ampliación de prazo que será igual ao de licitación indicado no prego de cláusulas administrativas.

Por todo o anteriormente exposto RESOLVO:

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo para presentar ofertas no procedemento de CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DE GRAVAS E GRAVILLAS PARA TRATAMENTOS SUPERFICIAIS EN CAMIÑOS RURAIS (LOTE 1) E DE ZAHORRA (LOTE 2) EXPTE. REF. 2024/C004/000018 **ata o mércores día 12 de setembro de 2024 ás 18:00 horas** aos efectos de que os interesados teñan coñecemento do prego técnico de subministración da grava e gravilla, e que deberá publicarse en PLACE.

SEGUNDO.- Proceder á publicación desta resolución na Plataforma de Contratación do Sector Público para xeral coñecemento e rectificar o anuncio de licitación no perfil de contratante da Plataforma de Contratación do Sector Público para corrixir o prazo de presentación de ofertas.

TERCEIRO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.